

MESTRAS DA MEMORIA

Burela, 17 de decembro de 2021

Moi boa tarde!

Moitísimas grazas, Lois Pérez polas túas palabras.

Unha Polafía é algo novidoso en Burela. Non podería chegar con mellor motivo: o da celebración da entrega do premio Mestras da Memoria. Pretendemos que sexa un acto que conxugue o recreativo, o lúdico da música, coa palabra de chamada á reflexión.

A celebración deste encontro en Burela -despois de que xa se teña feito no salón de actos da Deputación de Lugo- é unha aposta pola cohesión social, unha sesión de sementeira hoxe e de atento cultivo nos próximos meses co obxectivo de poder recoller os frutos dentro dun tempo, na súa auténtica sazón.

Estamos aquí e agora nunha sesión de dinamización social promovida pola Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega. Como tantas outras veces, este auditorio está acollendo unha sesión fundamentalmente educativa.

Cohesionar é xuntar, reunir, mais non de calquera maneira. Coordinar significa unir e subordinar tamén significa unir, mais non o mesmo. Como non son o mesmo assimilar e integrar que incluír ou cohesionar.

Vénme agora á memoria un encontro que se produciu hai 45 anos aquí ao ladiño, na parroquia de Cangas. A Sra. Selmira -unha muller madura, hostaleira, con moitos anos de experiencia- recibía uns novos clientes -Antonina e Paulo-, que rondaban os vinte anos, acababan de casar no seu país e chegaban aquí na procura dunha nova vida.

O encontro que ficou gravado na mente de Antonina -que tan ben o conta, ao estilo Mestra da Memoria- foi unha mostra da máis absoluta candidez: da inxenuidade dunhas persoas que descoñecían os vínculos históricos -de algo máis de catro séculos- entre os seus respectivos pobos. Por culpa daquel descoñecemento mutuo, aquelas persoas comezaron a súa relación como se non compartisen nada e sentaron as bases do modelo "Buenos días". Tanto Selmira como Antonina sabían ben o que era traballar, mais naquel encontro o que soou foi "trabajar"; da mesma maneira que o "leite" pasou a ser "leche", non por evolución, senón por descoñecemento mutuo.

Moito se leva andado desde aquel 1978 e moito falta aínda por andar. Para conseguir a cohesión, necesariamente temos que partir da existencia de pezas diferentes. E necesariamente temos que ter paciencia para encaixalas. Os puzzles non se conxugan á bruta. Hai que buscalles o xeito. Doutra maneira rómpense os bordos e despois non soldan ben.

É moi difícil conseguir traballar tanto e tan ben como o levan feito as profesoras María José Andión, Karina Parga e María José Pardiñas desde hai anos, mais aínda non é suficiente. Case medio século despois, o sistema reproduce sistematicamente aquel encontro de Cangas, coa mesma candidez, non nunha taberna senón nos centros de ensino. Certo que agora hai un cambio: agora xa non soa tanto o

clásico "Buenos días"; agora hai máis dinamismo, os encontros comezan cun sorriso e un "Muy buenas"... pola mañá, tal vez esperando que con ese ritmo a tarde e a noite cheguen máis rápido.

Case medio século despois, pásanse anos levantando demoradamente e con paixón un modelo de convivencia e en calquera momento aparece calquera burócrata que o desactiva e que respira fondo porque pensa que conseguiu unha grandísima fazaña. Non necesariamente é mala fe. É a forza do sistema que se reproduce acriticamente e que tanto dano provoca.

Porque, amigas e amigos, calquera crianza ou adolescente que chega agora mesmo á nosa terra está condenado a repetir como en eterno retorno o encontro entre a hostaleira e aquela rapaciña negra que chegaba a terra estraña. Pouco importa que existan departamentos de Orientación ou que se faga atención á diversidade. Pouco importa que o parlamento teña aprobado por unanimidade a Lei Paz Andrade. Papel mollado.

Por iso hai que seguir co mesmo empeño e hai que mimar as Marías Josés e as Karinas e os Gabriel André e o Alex Ramos e hai que seguir reclamando a medalla Castelao para as Batuko Tabanka. Precisamente porque queremos máis Nildas Borges e máis Paulas Jorge e máis Ivandros e mais Edilson e máis Artemisas, chámense Su ou Pantera Negra.

Por iso é tan importante este premio Mestras da Memoria, concedido pola Asociación de Escritoras e Escritores, Mulleres e Homes de Ben, que deron un paso adiante que supón alento. Para elas e eles, grazas.

Para as Mestras, Parabéns!

Bernardo Penabade.